

# PROPOSICIÓN DE LEI DE INICIATIVA LEXISLATIVA POPULAR PARA A PROTECCIÓN, A CONSERVACIÓN E A MELLORA DOS RÍOS GALEGOS

## Exposición de motivos

Os ríos galegos caracterízanse por unha elevada biodiversidade dentro do seu contexto ibérico e europeo. A súa grande biodiversidade e porcentaxe de endemismos outórganlle un valor excepcional na actual situación mundial de crise ecolóxica. Nos ríos galegos viven preto de 400 especies endémicas de invertebrados, e neles descubríronse preto de 80 especies novas para a Ciencia.

Aliás, os ríos xogaron un papel trascendental na economía tradicional e na conformación das características socio-culturais e psicolóxicas do pobo galego. Estas funcións seguen vixentes na actualidade, aínda que modificadas, xa que o alonxamento entre a sociedade e a natureza orixina novas necesidades. Como resposta, surden novas actividades económicas relacionadas co desfrute da natureza, a través do deporte, o lecer, o coñecemento ou o turismo, mais que poden verse impedidas polo uso enerxético abusivo.

As paisaxes de Galiza están determinadas polos seus ríos. A auga e os ríos tiveron desde sempre un alto valor simbólico na Galiza, significando hospitalidade, fraternidade, e fonte de vida no sentido máis amplo. Arredor dos usos tradicionais da auga xurdiron relacións sociais e culturais integradoras, que permanecen na forma de recursos histórico-culturais e etnográficos.

Mais os ríos atópanse hoxe en perigo. A alteración física, debida sobre todo ás presas hidroeléctricas, a perda e degradación dos hábitats, a invasión das zonas de inundación por todo tipo de construcións, a sobreexplotación, a contaminación e a introducción de especies non nativas, son os factores que máis contribúen á diminución da súa biodiversidade. Os mencionados recursos socio-culturais corren a mesma sorte que os ríos. As presas hidroeléctricas fan que mais do 70% dos nosos leitos fluviais sexan inaccesíbeis ás especies migratorias. O salmón é un bon indicativo da perda de poboacións nos nosos ríos: nos últimos 50 anos, as súas existencias reducíronse en máis dun 99%.

Danse casos frecuentes e xeneralizados de contaminación orgánica, que afectan permanente ou temporalmente a máis do 80 % da rede hidrográfica galega. Tamén é preocupante a contaminación por substancias químicas.

Introducíronse de forma intencionada (pesca deportiva) ou accidental (acuariofilia, comercio...) especies exóticas que causan graves problemas.

A alteración física do hábitat é o principal impacto sobre os nosos ríos e ecosistemas de auga doce: eliminación de zonas de inundación, destrución das brañas e mananciais, dragados, canalizacións, aproveitamentos hidroeléctricos, e mesmo algúns paseos e praias fluviais.

As infraestruturas hidroeléctricas son responsábeis das principais afeccións aos ríos galegos. Galiza, con tan só o 5% do territorio e o 7% da poboación, xera o 25% de toda a electricidade de orixen hídrica do Estado español. O 34% da electricidade xerada en Galiza vai fora do país, expórtase, cunhas perdas no transporte que superan hoxe a toda a produción eólica en Galiza. Esta sobreproducción non redundou nun mellor abastecemento aos pobos e comarcas galegas.

Os principios de “prevención, de avaliación de impacto ambiental, de información pública, de participación cidadá, de educación ambiental...” nos que se basea a Lei 1/1995 de protección ambiental de Galiza non se teñen materializado no caso dos ecosistemas fluviais. Diversos aspectos da Lei 7/1992 de pesca fluvial de Galiza están a ter unha aplicación deficiente, ao igual que a normativa de avaliación de impacto ambiental, sendo manifesta a necesidade de avaliar o impacto global de planos e programas mediante unha avaliación estratéxica dos mesmos.

Por outra banda, en 2000 aprobouse a Directiva Marco da Auga (DMA), Directiva 2000/60/CE, que establece un novo modelo de xestión da auga, de obrigada referencia, e ordena prevenir calquera nova deterioración dos ecosistemas acuáticos e atinxir como mínimo o “bon estado” de todas as augas no horizonte do ano 2015.

O “estado actual” dos ríos galegos alónxase moito do obxectivo de “bon estado”, o que fai necesario un plan de acción para correxir esta situación.

Como lexislación “marco”, a directiva establece un modelo de xestión e uns obxectivos comúns a nivel europeo, que deben ser alcanzados a través de medidas adoptadas a nivel estatal ou local. Nese sentido, o Estatuto de Autonomía de Galiza atribue as competencias de protección e ordenamento ambiental á administración autonómica, polo que da DMA se derivan novas obrigas para o noso país para avanzar na xestión racional e sustentábel da auga.

## **Título I. Principios xerais**

### **Artigo 1.**

Declárase unha prioridade de interese xeral a conservación do patrimonio natural fluvial, incluíndo a biodiversidade de flora e fauna dos ríos galegos, así como o patrimonio etnográfico e histórico-cultural relacionado. Declárase asimesmo obriga das administracións públicas galegas garantir a súa protección, conservación e mellora. Con tal finalidade, e no que respecta aos valores naturais, asúmense os obxectivos máis avanzados da Directiva Marco da Auga e aplicaranse de forma prioritaria e urxente as medidas contidas na mesma.

## **Título II. Da planificación hidrolóxica**

### **Artigo 2.**

A administración competente elaborará os novos planos hidrolóxicos para as novas demarcacións hidrográficas, conforme aos criterios básicos contidos na DMA e aos que se establecen na presente lei.

### **Artigo 3.**

Os planos hidrolóxicos aos que fai referencia o artigo anterior incluírán, particularizado para cada subsistema fluvial, cando menos:

- 3.1. Un plano de restauración dos ecosistemas fluviais, no que se refere aos Indicadores de Réxime hidrolóxico e Continuidade do río, co obxectivo de que as especies migratorias teñan acceso á toda a bacía hidrográfica das que eran orixinarias, ou cando menos a unha parte significativa que garanta con seguridade a súa pervivencia e sustentabilidade. Aproveitarase a caducidade das concesións hidroeléctricas e das captacións de recurso para restituír o meio á súa situación natural cando isto sexa necesario para acadar o bon estado das augas e dos ecosistemas acuáticos. Cando necesidades imperiosas de restauración o requiran, procederáse ao rescate dos dereitos concesionais con vistas á restauración do medio ao seu estado natural, incluíndo no seu caso a demolición da infraestrutura.
- 3.2. Un plano de mellora integral dos ecosistemas fluviais, atendendo ás características morfolóxicas como a variación da profundidade e anchura do río, a estrutura, o substrato do leito do río, estrutura e calidade da zona ribeireña e prevención da contaminación difusa. Será obxectivo preferente do mesmo a creación de zonas de protección contra a escorrentía agrícola nas marxes laterais dos ríos, mediante filtros verdes que preveñan no posíbel as afeccións causadas pola contaminación difusa. Coa mesma finalidade, e de forma prioritaria para aquelas explotacións con incidencia directa na calidade do meio acuático, fomentárase unha agricultura e gandería respectuosas co medio ambiente.
- 3.3. Un plano de restauración de humedais e zonas de inundación dos ríos, e de restauración hidrolóxico-florestal das bacías, optando por solucións que minimicen os riscos e afeccións derivadas dos incendios florestais, e que contribúan a regular de forma natural as enchentes e a recarga de acuíferos.
- 3.4. Un plano de saneamento integral de todos os cursos fluviais que garanta a depuración integral dos vertidos urbanos e industriais, preferentemente mediante alternativas de tipo natural, eficiencia integral demostrada e baixo consumo enerxético, e unha atención equilibrada á prevención da contaminación en orixen en relación co tratamento. No que respecta ao saneamento dos vertidos urbanos, teranse en conta os modelos descentralizados de saneamento e aplicaranse as técnicas de análise do ciclo de vida para elixir as alternativas máis sustentábeis.
- 3.5. Crearase unha Rede de Vixilancia e Control do estado ecolóxico dos ríos, segundo o recomendado pola Directiva Marco da auga, contando coas diferentes equipas de investigación existentes en Galiza e promovendo os estudos encamiñados a determinar os valores de referencia para Galiza.

## **Título III. Da protección integral dos ecosistemas fluviais**

### **Artigo 4.**

- a) Elaborarase un plano para o estudo hidrobiolóxico dos ríos, no que se catalogue e cuantifique a biodiversidade fluvial, se desenvolvan estratexias de recuperación das especies ameazadas, e se controlen as poboacións das especies invasoras.
- b) Elaborarase un plano para acadar a protección integral dunha parte significativa dos ecosistemas fluviais galegos, co obxectivo de garantir a conservación sustentábel da paisaxe e a biodiversidade fluviais. Estes espazos xestionaranse cos mesmo criterios que os que formen parte da Rede Natura 2000.

## **Título IV. Da xestión do uso da auga**

### **Artigo 5.**

As diferentes actuacións relacionadas coa auga e os ríos basearanse nos principios de xestión da demanda, recuperación de custos e consideración da auga e os ríos como un activo ecosocial. En consecuencia, deberán establecerse dotacións de recurso de referencia, atendendo a criterios de disponibilidade, eficiencia e racionalidade no

uso, e compatibilidade cos obxectivos ambientais de non deterioración e recuperación do bon estado das augas. En todo caso, as dotacións de referencia serán aquelas que garantan a satisfacción das necesidades básicas das persoas, non superando os 150 l/hab.día para usos domésticos urbanos, ou as que se deriven da aplicación das mellores tecnoloxías dispoñíbeis no referido aos usos agrogandeiro e industrial. Non se autorizará ningunha infraestrutura hidráulica, captación de recurso, vertido ou uso cando se superen as dotacións de referencia e causen efectos negativos no medio fluvial. Naqueles casos de tradición e valor sociocultural recoñecidos, a rega será gratuita e terá prioridade en xeral sobre os novos usos industriais e enerxéticos.

## **Título V. Da participación cidadá nas políticas da auga**

### **Artigo 6.**

Garantirase a participación efectiva da cidadanía tanto nos procesos de elaboración dos planos hidrolóxicos como nos procesos de autorización de cada infraestrutura, plano, programa, ou proxecto. Garantirase o acceso á información ambiental, á participación na toma de decisións e o acceso á xustiza en cuestións ambientais, na forma en que o establece o Convenio Internacional de Aarhus. Os organismos de toma de decisións no referido a planos e programas contarán cunha representación paritaria de membros de entidades sociais en relación a suma dos membros da administración e das entidades directamente interesadas nos usos da auga. Asimesmo, arbitraranse vías de participación efectiva das poboacións locais na toma de decisión sobre proxectos que afecten ao seu territorio, incluíndo o dereito a referendo.

## **Título VI. Da educación ambiental e capacitación**

### **Artigo 7.**

- a) Elaborarase, dacordo coas liñas e pautas de actuación definidas na Estratexia Galega de Educación Ambiental, un plano de educación ambiental relacionado cos usos doméstico, industrial e agrogandeiro da auga, priorizando a redución do consumo e a prevención da contaminación, con atención específica tanto ao meio urbano como ao rural, coa finalidade de comezar a construír unha nova cultura da auga.
- b) Elaborarase, tamén na mesma liña da EGEA, un plano de educación ambiental para o aforro enerxético, con actuacións particularizadas para cada eido de interese, como o consumo doméstico, o transporte e desprazamentos, e o consumo industrial.
- c) Atenderase a concienciación sobre os perigos das especies invasoras, tanto do público en xeral como de sectores chave, entre os que se atopan o turismo, o comercio, o transporte, etc.,
- d) Atenderase de forma urxente as necesidades de capacitación técnica do persoal das administracións hidráulica en particular, e do persoal da administración autonómica e local relacionada cos diferentes aspectos desta Lei.

## **Disposicións**

### **Disposición adicional primeira**

A administración elaborará os regulamentos e dotarase dos recursos necesarios para o desenvolvemento desta lei.

### **Disposición adicional segunda**

A presente lei é de aplicación naqueles ámbitos territoriais e materias nos que a Comunidade Autónoma de Galiza detenta as competencias.

### **Disposición transitoria primeira**

Mentres os novos planos aos que fai referencia o artigo 2 non entren en vigor, parálzase calquera nova actuación sobre os ríos galegos, incluíndo aquelas que contan con proxectos en tramitación ou autorizados.

### **Disposición transitoria segunda**

A Xunta de Galiza xestionará a transferencia para Galiza das competencias en materia de planificación hidrolóxica nas bacías dos sistemas Miño-Sil, Limia e Tamega, como paso previo á configuración das correspondentes demarcacións territoriais nas que deberá participar o Minho e o Douro Portugués.

### **Disposición derogatoria**

Deróganse aquelas normas de igual ou inferior rango que entren en contradición cos contidos da presente Lei. Deróganse en especial o Plano Sectorial Hidroeléctrico e os Planos hidrolóxicos de bacía actualmente en vigor.